



A norma 10.6 da convocatoria xeral de matrícula para o curso 2014-2015 só prevé a posibilidade de matrícula para iniciar estudos no segundo semestre naqueles máster con prazas vacantes, que así o soliciten. Á vista da petición da Escola Universitaria de Relacións Laborais considérase oportuno autorizar tamén a matrícula para iniciar estudos no segundo semestre no Curso Ponte Semipresencial impartida no devandito Centro.

É por iso que esta Reitoría,

RESOLVE:

ÚNICO.- Modificar a resolución reitoral do 11 de xuño de 2014 pola que se publica a Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2014-2015, engadindo un apartado 10.6.4, na norma 10.6, co seguinte contido:

10.6.4 Inicio de Estudos no Curso Ponte Semipresencial do Grao en Relacións Laborais (campus de LUGO)

Tamén no prazo establecido no **Anexo I**, poderanse matricular alumnos/as para iniciar estudos nas prazas vacantes, unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula.

As prazas neste período adxudicaranse por orde de solicitude. A matrícula poderá facerse nas materias do primeiro e do segundo semestre.

E incluír no apartado C do Anexo I, Prazos, da devandita resolución, o seguinte texto:

Prazo matrícula Curso Ponte Semipresencial RRL (Lugo)	28 de xaneiro a 9 de febreiro.	C8
---	--------------------------------	----

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2014

O reitor

Juan M. Víaño Rey

